



| Guía Docente          |  |                    |                             |          |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                             | 2021/22  |
| Asignatura (*)        | Uso profesional do galego  | Código             | 616G01041                   |          |
| Titulación            | Grao en Comunicación Audiovisual   |                    |                             |          |
| Descritores           |  |                    |                             |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                        | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Cuarto             | Optativa                    | 6        |
| Idioma                | Galego   |                    |                             |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                             |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                             |          |
| Departamento          | Letras   |                    |                             |          |
| Coordinación          | Lourenzo Modia, Cilla  | Correo electrónico | cilla.lourenzo.modia@udc.es |          |
| Profesorado           | Lourenzo Modia, Cilla  | Correo electrónico | cilla.lourenzo.modia@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |                             |          |
| Descrición xeral      | Esta materia fornece formación teórico-práctica no uso instrumental da lingua galega nas súas modalidades oral e escrita, atendendo fundamentalmente ás necesidades expresivas do ámbito profesional da comunicación audiovisual. Alén disto, preténdese potenciar no alumnado a capacidade comunicativa, o contraste de ideas e o pensamento crítico, ben como fomentar a aprendizaxe autónoma e o traballo cooperativo.  |                    |                             |          |
| Plan de contingencia  | <p>1. Modificacións nos contidos<br/>Os contidos correspondentes ao tema 4 (?Comunicación non verbal?) serán tratados só de forma teórica.</p> <p>2. Metodoloxías<br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br/>Manteranse todas as metodoloxías, que serán adaptadas a modalidades de docencia telemática, de tipo síncrono (a través de Teams) e asíncrono (a través de Moodle).<br/><br/>*Metodoloxías docentes que se modifican<br/>Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br/>Mecanismos de atención permanente: correo electrónico para a atención individual, foro xeral en Moodle sobre a organización da materia e foro específico en Moodle sobre as actividades avaliábeis.<br/>Mecanismos de atención dispoñíbeis a petición do alumnado: Vídeo-titorías a través de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación<br/>Manteranse o mesmo sistema de avaliación, de acordo coa adaptación á modalidade non presencial das metodoloxías docentes.<br/><br/>*Observacións de avaliación: Ningunha metodoloxía de avaliación terá carácter obrigatorio. Os traballos entregados fóra do prazo establecido non serán penalizados por este motivo. Elimínase o requisito de cualificación mínima no traballo tutelado e na proba mixta para poder superar a materia.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br/>Non haberá mudanzas. Todos os materiais bibliográficos imprescindíbeis estarán dispoñíbeis no Moodle da materia.</p> |                    |                             |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título                      |
| A1                                  | Comunicar mensaxes audiovisuais.                         |
| A2                                  | Crear produtos audiovisuais.                             |
| A7                                  | Coñecer as técnicas de creación e produción audiovisual. |



|     |   |
|-----|---|
| A12 | Coñecer os principais códigos da mensaxe audiovisual.   |
| B6  | Expresarse correctamente tanto de xeito oral como escrito en linguas oficiais da comunidade autónoma  |
| B7  |   |
| B8  | Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.   |
| B9  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprinter solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| C1  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.  |
| C2  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.   |
| C3  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.  |
| C4  | Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.   |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |    |    |
|--|-------------------------------------|----|----|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |    |    |
|  | Transmitir mensaxes audiovisuais.   | A1 |    |
| Realizar produtos audiovisuais.  | A2                                  |    |    |
| Dominar diferentes técnicas relativas á creación e á produción audiovisual.  | A7                                  |    |    |
| Ter coñecemento dos principais códigos da mensaxe audiovisual.   | A12                                 |    |    |
| Expresarse con corrección, tanto a nivel oral como a nivel escrito, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |                                     | B6 |    |
| Comprender e expresarse con corrección, a nivel oral e escrito, nun idioma estranxeiro.  |                                     | B7 |    |
| Utilizar os instrumentos básicos das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida.  |                                     | B8 |    |
| Desenvolverse para formar parte dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria a fin de poder analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e ofrecer solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.                        |                                     | B9 |    |
| Ser capaz de comprender a relevancia da cultura emprendedora e de coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.  |                                     |    | C1 |
| Valorar de maneira crítica o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas que deben encararse no exercicio da profesión.  |                                     |    | C2 |
| Aceptar como cidadán/á e como profesional a relevancia da aprendizaxe ao longo da vida.  |                                     |    | C3 |
| Ser capaz de se desenvolver para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, para poder analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e ofrecer solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |                                     |    | C4 |

| Contidos                |  |
|-------------------------|--|
| Temas                   | Subtemas   |
| 1. Expresión oral       | 1.1. Vocalismo e consonantismo<br>1.2. Modelos de entoación<br>1.2. Dicción e locución<br>1.3. Estratexias de comunicación oral  |
| 2. Expresión escrita    | 2.1. O estándar ortográfico e morfolóxico. Aproximación á normativa da lingua galega<br>2.2. Un modelo culto para o galego: a necesidade da diferenza (exemplificación nalgúns fenómenos: CD sen ?a?, infinitivo flexionado, futuro do subxuntivo etc.)<br>2.3. Principais particularidades da lingua escrita  |
| 3. Tipoloxía discursiva | 3.1. Textos escritos e textos orais formais // Planificación, redacción e revisión de textos monolóxicos (presentacións) e dialóxicos (debates, mesas redondas) // Xéneros discursivos nos medios de comunicación<br>3.2. Linguaxe de especialidade: o galego profesional no ámbito da comunicación audiovisual // Vocabulario técnico e fraseoloxía |



|                            |   |
|----------------------------|---|
| 4. Comunicación non verbal | 4.1. Linguaxe corporal<br>4.2. Cortesía<br>4.3. Técnicas de dramatización |
|----------------------------|---|

| Planificación          |                                      |   |                         |              |
|------------------------|--------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados            | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados    | A1 A2 A7 A12 B6 B7<br>B8 B9 C2 C4    | 6                                       | 36                      | 42           |
| Sesión maxistral       | A7 A12 B9 C1 C2                      | 14                                      | 15                      | 29           |
| Obradoiro              | A1 A2 A7 A12 B6 B7<br>B8 B9 C2 C3 C4 | 17                                      | 16                      | 33           |
| Presentación oral      | A1 A12 B6                            | 2                                       | 18                      | 20           |
| Proba mixta            | A1 A7 B6 B8 C2                       | 3                                       | 20                      | 23           |
| Atención personalizada |                                      | 3                                       | 0                       | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías        |   |
|---------------------|---|
| Metodoloxías        | Descrición  |
| Traballos tutelados | O/a estudante deberá entregar un traballo colectivo (máximo, 3 estudantes por grupo), fixado polo profesorado no inicio do curso. Con este traballo preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e a colaboración entre o alumnado.   |
| Sesión maxistral    | As sesións maxistras consistirán en exposicións orais de carácter teórico-práctico á volta dos contidos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos contidos; resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica. Nestas sesións guíase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo. |
| Obradoiro           | Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de produción escrita (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos).  |
| Presentación oral   | Os/as alumnos/as deberán presentar oralmente o traballo colectivo. Nesta proba oral poderán empregarse textos, deseños ou materiais audiovisuais como apoio.  |
| Proba mixta         | Proba con exercicios de diferente tipo en que se avalían os coñecementos e as competencias adquiridas a través das sesións maxistras e das aulas de obradoiro.  |

| Atención personalizada |  |
|------------------------|--|
| Metodoloxías           | Descrición   |
| Traballos tutelados    | Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que o/a alumno/a informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada.<br>Alén diso, o/a estudante poderá realizar todo tipo de consultas a respecto do desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendimento quer por medio do correo electrónico ou, mediante cita previa, a través da plataforma Teams.<br><br>A atención personalizada, polos medios indicadas, é especialmente relevante e necesaria no caso do alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica. |

| Avaliación   |                           |            |               |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|              |                           |            |               |



|                     |                                      |   |    |
|---------------------|--------------------------------------|---|----|
| Traballos tutelados | A1 A2 A7 A12 B6 B7<br>B8 B9 C2 C4    | O profesorado encomendará un traballo tutelado, que será realizado de forma colaborativa por grupos de até 3 persoas. No traballo aplicaranse os coñecementos adquiridos sobre lingua galega a algún proxecto relacionado coa comunicación audiovisual. | 40 |
| Obradoiro           | A1 A2 A7 A12 B6 B7<br>B8 B9 C2 C3 C4 | Ao longo do cuadrimestre serán realizados diferentes exercicios prácticos na sesións presenciais. Serán avaliados a súa entrega, o uso adecuado dos recursos e metodoloxías suxeridas e a progresión no proceso de aprendizaxe.                         | 15 |
| Presentación oral   | A1 A12 B6                            | Os/as alumnos/as terán que realizar unha presentación oral do traballo colectivo, orientada á demostración da súa competencia comunicativa.   | 10 |
| Proba mixta         | A1 A7 B6 B8 C2                       | Nesta proba o alumnado terá que realizar diferentes exercicios de corrección e produción de textos, para avaliar os coñecementos e competencias adquiridas durante todo o cuadrimestre.   | 35 |

### Observacións avaliación

O traballo tutelado, a presentación oral e a proba mixta teñen carácter obrigatorio. Para superar a materia será condición indispensable obter unha cualificación mínima de 4 puntos, sobre 10, tanto no traballo tutelado como na proba mixta. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final do traballo tutelado se este for entregado fóra de prazo sen causa xustificada.

Considerarase non presentado na materia quen non entregar o traballo tutelado, non fixer a presentación oral e/ou non se presentar á proba mixta. Na segunda oportunidade (convocatoria de xullo) será aplicado o mesmo sistema de avaliación da primeira convocatoria. Os/as estudantes que non superasen a materia terán que entregar o traballo tutelado só se este non foi entregado na convocatoria anterior ou se non obtivo unha cualificación mínima de 4 puntos, sobre 10. No seu caso, o prazo de entrega dos traballos concluirá na data oficial do exame da materia establecida pola facultade.

O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica será avaliado da seguinte maneira: traballo tutelado (60%) e proba mixta (40%). O prazo de entrega dos traballos concluirá na data oficial do exame da materia establecida pola facultade.

O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de decembro será avaliado co mesmo sistema previsto para o estudantado a tempo parcial e con dispensa académica. Deberá entrar en contacto co profesor antes de acabar o mes de novembro.

### Fontes de información

|                            |  |
|----------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b> | GRAMÁTICASÁlvarez Blanco, R. / Xove, X. (2002): Gramática da lingua galega (Vigo: Galaxia).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1998]: Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía (Vigo: A Nosa Terra).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1999]: Gramática da lingua galega. III. Semántica (Vigo: A Nosa Terra).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2000]: Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe (Vigo: A Nosa Terra).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2003]: Gramática da lingua galega. IV. Gramática do texto (Vigo: A Nosa Terra).Hermida Gulías, C. (2004): Gramática práctica (Morfosintaxe) (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).López Viñas, X. / Lourenço Mória, C. / Moreda Leirado, M. [2010] (2011): Gramática Práctica da Lingua Galega. Comunicación e Expresión (A Coruña: Baía Edicións).DICCIONARIOSCarballeira Anllo, X. M. (2009): Gran Dicionario Xerais da Lingua (Vigo: Xerais).Ledo Cabido, B. (dir.) (2004): Dicionario de galego (Vigo: Ir Indo).López Taboada, C. / Soto Arias, M. R. (2008): Dicionario de fraseoloxía galega (Vigo: Xerais).Pena, X. R. (coord.) (2004): Gran dicionario Cumio da lingua galega (Vigo: Edicións do Cumio).Pena, X. R. (coord.) (2005): Gran dicionario Século XXI da lingua galega (Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio).CADERNOS DE EXERCICIOSMedrano Martínez, C. I. (ed.) (2006): Proxecto Artello. Ortografía 1 (A Coruña: Rodeira-Grupo Edebé).Medrano Martínez, C. I. (ed.) (2006): Proxecto Artello. Ortografía 2 (A Coruña: Rodeira-Grupo Edebé).Pena, X. R. / Rosales, M. [1987] (2006): Manual e exercicios de galego urgente (Vigo: Edicións Xerais de Galicia). |
|----------------------------|--|



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <p>Briz Gómez, Antonio (coord.) (2008). Saber hablar (Madrid: Aguilar). Domínguez Dapena, Cristina (2004): Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz (Vigo: Galaxia). Estrela, E. / Soares, M. A. / Leitão, M. J. (2003): Saber Escrever. Saber Falar. Um guia completo para usar correctamente a língua portuguesa (Lisboa: Dom Quixote). Gimeno Terraza, I. (coord.) (2000): Expresión oral. Hablar bien en público (Barcelona: Larousse). Gomes, A. / Cavacas, F. (2005): Escutar. Falar. Oralidade, Lisboa (Lisboa: Clássica Editora). González Rei, B. (2004): Ortografía da lingua galega (A Coruña: Galinova Editorial). Hermida, A. (2006): Manual de conxugación verbal da lingua galega (Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio). Hernández Guerrero, J. A. / García Tejera, M. C. (2004): El arte de hablar. Manual de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna (Barcelona: Ariel). Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2005) [1982]: Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (Santiago de Compostela: ILG / RAG). Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2004): Vocabulario ortográfico da lingua galega (Santiago de Compostela: ILG / RAG). Edición dixital en <a href="http://www.realacademiagalega.org/volga">http://www.realacademiagalega.org/volga</a>. Losada Aldrey, M. C. / Cid Fernández, A. / Fernández Carballido, X. (2017). Para dar trella. Manuel práctico de fraseoloxía galega (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). Edición dixital en <a href="http://www.cirp.gal/pub/docs/frase/para_dar_trella.pdf">http://www.cirp.gal/pub/docs/frase/para_dar_trella.pdf</a>. Morales, C. J. (2001): Guía para hablar en público (Madrid: Alianza). Pazó Fernández, Edith (2005). Dicionario galego de televisión (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, CRTVG). Edición dixital en <a href="http://www.cirp.es/pub/docs/cite/dicTV.pdf">http://www.cirp.es/pub/docs/cite/dicTV.pdf</a>. Regueira, X. L. (2005): "Estándar oral". En Álvarez e Monteagudo (eds.): Norma lingüística e variación: 69-95 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega). Regueira, X.L. (2012). Oralidades. Reflexións sobre a lingua falada no século XXI (A Coruña: RAG). Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (2006): Criterios para o uso da lingua (A Coruña: Universidade da Coruña). Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (2006): Sobre a calidade da nosa lingua (A Coruña: Universidade da Coruña). Scott, Bill (2000): La comunicación oral y escrita para directivos y profesionales (Deusto: 2000).</p> |
|------------------------------------|--|

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías